

Dirixida por Neira Vilas en Cuba

Unha experiencia de xornalismo para nenos

Que Xosé Neira Vilas sexa o escritor máis lido en Galiza nas últimas décadas, e un dos máis lido nunca no noso idioma, non é novidade. Tamén non é descoñecida a súa residencia en Cuba, ao lado da Revolución daquela illa do Caribe. Pero este verán o escritor de Gres deu a coñecer a súa experiencia de xornalismo infantil á fronte da revista "Zun Zun".

Hai xa uns meses que Neira Vilas nos enviara, cunha das súas colaboracións para o periódico, varios exemplares da revista da que é Xefe de Redacción. Efectivamente, ali estaba o seu nome galego, e a súa man en moitos dos artigos elaborados. Na segunda semana de Setembro e aproveitando a súa estancia en Galiza, Neira Vilas e a súa compañeira Anísia Miranda presentaron-na no Castro, en Sada.

A revista dos paxariños

"Zun Zun" sai mensualmente e tira 250.000 exemplares. É bon o dodo sobretudo cando a revista se esgota en poucas horas e está dirixida a nenos duns nove anos de idade: cantos nenos poden ficar sen o seu "Zunzún", se o país ten 10 millóns de habitantes?

Nas páxinas de Zunzún combínase o dibuxo coas informacións dos temas máis variados:



historia —de Cuba e universal—, xeografía, arte, natureza, cultura americana, ciencia, deportes, biografías... e tamén hai comentários de libros, textos monográficos sobre países latinoamericanos, filatelia, teatro, danza... As historietas van desde personaxes tan populares —aqui témolos visto no cine antecedendo algunha longametraxe cubana— como "Elpidio Valdés", "El Capitán Plin", "Matojo"...

A todo isto engadéuselle narracións, xogos, adiviñas, trabalinguas, máxias, curiosidades e, a pé de páxina, uns versos parreados.

O nome "Zunzún" é o do colibri cubano, e é tamén o nome doutro paxariño, "Bijirita" é trimestral e tira 300.000 exemplares. Pensada para nenos de preescolar a segunda grau, nenos que ben non saben ou se están iniciando a ler. Os textos son moi breves e cunha linguaxe que procura a sinxeleza expresiva.

No acto de presentación foron moitos os mestres e aínda xornalistas que se desprazaron até Sada, onde estivo pendurada unha exposición das dúas revistas, abrindo un interesante colóquio.

X.C.

En Baiona do 24 ao 27 de Setembro

Encontro dos escritores bascos, cataláns e galegos

Despois de que dúas edicións anteriores se celebrasen en Cataluña e en Euskadi arriba a Galiza esta xuntanza de criadores literarios baixo o lema "Unha lingua, un povo, unha nación".

No programa editado pola Asociación de Escritores en Língua Galega, que corre co peso da organización, explícase o motivo dese lema negando que sexa "un reclamo propagandístico ou oportunista: "é, moi claramente, a proclamación da nosa identidade, da nosa pertencencia como escritores a sociedades ben concretas e singulares e da nosa vontade de non desvincular o uso criativo que facemos da lingua... dos problemas políticos e económicos en que se move e a eles se remite constantemente".

O Encontro céntrase en tres ponencias fundamentais de discusión: "Língua e meios de comunicación", "Relacións xurídicas do escritor" e "Estado actual das literaturas basca, catalana e galega" e desenvolverá paralelamente diversas exposicións (Manolo Coia, Caaamaño Xestido, Novidades Editoriais), actuacións musicais (Carlos Emilio), teatro (Arte Livre). Tamén se trasladarán até Monção onde se fará un acto de irmanamento coas asociacións portuguesas de escritores e de xornalistas de Porto. No día 27, sábado, e despois do debate e as conclusións, Xavier Seoane dará unha conferencia sobre a situación da plástica actual galega. (Ver programa páxina 23).

Nomeados os xurados dos Prémios Xerais de novela e literatura para nenos

O próximo quince de Novembro darase a coñecer o fallo dos premios que convoca Edicións Xerais e que son, no seu xénero e en Galiza, os mellor dotados economicamente.

A editorial fixo pública a composición dos xurados, que é como segue.

Para o Prémio Xerais de Novela, no que actuará como secretario con voz e sen voto Luís

Mariño, están Xesús Alonso Montero, Luís Cochón, Salvador García Bodaño, Anxo Tarrío e M^o do Carme Kruckemberg.

Para o Prémio Merlin, que aborda a súa primeira edición neste ano, o secretario será Xosé Luís Méndez Ferrín, e integraran Blanco Roig, Valentin Arias, Víctor F. Freixanes, Agustín Fernández Paz e Miguel Vázquez Freire.

tribuna

Mais por que, meu deus?

Por que insisten en representar esas comédias baratas en povos católicos

Entanto o señor Andrés Vidal, patrón maior da Cofradía de Pescadores de Vilanova de Arousa facía-se esta pregunta, un grupúsculo de indecentes (non mais dunha vintena pois xa se sabe que somos sectas moi minoritarias) o grupo de teatro "Baldodiños" ousávanos representar a obra de teatro "Traxicomédia de Aldea".

Teatro! Que descaro ¡Que absurdo!

"Traxicomédia de Aldea" é unha versión galega de "Divinas Palabras" de Valle-Inclán mais, oficialmente, non é posíbel chamarlle "Divinas Palabras" pois, como sabedes, os señores herdeiros dos dereitos de autor de don Ramón teñen a ben autorizar que se traduzan as súas obras a todos os idiomas... menos ao galego ¡Sei que "pierde fuerza" e que "lo gallego no tiene suficiente envergadura".

Como non gostábamnos de chamarlle ao noso traballo "Divin Words", nin "Divines Mots" ou "Divini Paroles" optamos polo máis lugareño de "Traxicomédia".

Partidários que somos de mentar a corda en casa de aforcado, tivemos a feliz idea de desprazarnos coa corda e coa obra a Vilanova de Arousa, discutibelmente vila natal de don Ramón María.

Coido que xa alvicasades, queridos e queridas lectoras, que iso era romper unha lanza a favor dos de Vilanova no vello contencioso que teñen cos de Vilagarcía pola municipalidade do

escritor, pois Valle tivo a xenialidade de vir ao mundo en plena viaxe da lancha que une ambas vilas, estando pois, en discusión a que xurisdición pertencían aquelas salgadas águas. Cousas da ría!

Se é certo o que din as crónicas, era a primeira vez que se representaba ao divino-palabreador en Vilanova, algo que, sinceramente, non entendo: Tiñades que ir a Stratford-on-Avon, xa veríades o que vale un peite de Shakespeare (natural dalá, toda a vila é un auténtico teatro shakesperiano, onde os turistas son os sectores e, os seu peites, monumentos).

"No lugar do crime"

Domingo. Chovia, normal. Estaba o local da Cofradía cheo, en plenas festas. Ao pouco tempo de comezada a representación, cando Luceiro e Marigaila acariaban-se, xa o mosqueio dalgunha xente do público deixábase notar. Acariaban-se si, tal como se fai nas casas, igual que se afaga nos disco-bares ou, mesmamente, nos palloiros e nunha noite no muíño.

Mais, —ah bárbaros!— non parou aí a cousa! Mirade por onde, meada a obra, uns señores baldadiños, coma demos que tentáramos á Marigaila, aparecemos coas pililas ao ar, impunemente e sen avisar, sen que a garda civil chegase a tempo para impedi-lo.

Non é certo que fósemos espidos totalmente, como afirma a prensa do corazón: vestíamos unhas carautas con cornos que nos tapaba toda a face!

Foi moito, claro, para o señor patrón maior que tivo ben en apagar as luces do salón e interromper a representación a berros de "indecentes, indecentes".

Talvez o fixo polo noso ben, para tentar evitar que collésemos este resfriado que agora temos.

Como xa sucedera con Moisés no Éxodo, o señor Vidal tamén promoveu o desaloxo do local, con bastante éxito, por certo. Conta unha crónica do Correo Galego que "las madres y abuelas corrieron a rescatar a sus niños para impedir que pudiesen contemplar aquel impúdico espectáculo; algunas señoras salían santiguándose...". Declarou o señor Vidal á Voz de Galicia que "Estas comedias baratas nunca se vieron en un pueblo católico".

E ten máis razón que un santo. Sen sabelo, ademais, o señor patrón maior descubriu algo que permanecía oculto até agora para os e as investigadoras literarias: O ciclo de obras de Valle coñecidas como "Comédias Bárbaras" denomina-se, en realidade, "Comédias baratas". Houbo, no seu día, un erro de imprenta que criou a confusión posterior.

Gracias señor Vidal. Xa coñecíamos, por referencia de prensa, as súas obras á fronte da máfia local da illa. O que non sabíamos é que entendese tamén de letras.

"Queremos unha crítica"

Hai un par de días, tentando elaborar un dossier do grupo e da obra para enviar a diversas entidades ofertando representacións, tiven-no que deixar: entre tanta maraña de recortes de prensa, nengunha falaba da obra, nen do bons ou maos que éramos os actores e actrices, nen das cortedades e brillantes do director... nada. Todo eran polémicas extra-teatrais! Representamos pouco aínda mais todas foron verdadeiras aventuras. A estréia en Ferrol estivo precedida dunha espectacular polémica entre o Concello Municipal, o Ateneo e o Casino, cun fondo de liortas por reparto de esferas de poder e algun que outro lixeiro matiz de moralina que, salvado o meu espanto inicial, aínda é hoxe o día no que non entendo nada.

Por favor, queremos que nos critiquen... mais que critiquen o nos traballo. Deixarvos de trapa-ladas de senos e pililas. Descanse o púbis Marigalesco en paz.

XURXO ESTÉVEZ GANTES
Membro do
grupo de teatro "Baldodiños"

actos

(ven da páxina 13)

tas para min só, de qué valerían?. Se o mundo fose un resume dos selvaes feitos desa besta que se chama Pinochet, que valeiro imenso enchería a terra?

Ouvide, chilenos: non estades soios e eu quixera que nesta solidariedade do mundo ceibe coa voso loita xusta, as miñas palabras sinxelas de hoxe, foran somente coma un anaco de pan quente que mantese o voso futuro.

xadrez

5ª Partida. Brancas: Karpov

1.d4-Cf6 2.c4-g6 3.Cc3-d5 Ouatrolta a defensa Gruenfeld. 4.Bf4 Apartando-se da primeira partida na que jogou 4.Cf3 4...Bg7 5.e3-c5 Imitando o Fischer! 6.d:c5-Da5 7.Tc1 O teórico Dr. Euwe opina que 7.Db3 é mellor, mas son sutilezas para especialistas... 7...-Ce4 8.c:d5-C:c3 9.Dd2-D:a2 Fischer aínda! 10.b:c3!D:d2? Moi dubidosa (é terrível dicer dunha jogada do campeón mundial que é má). De feito na partida Petrossian-Fischer do torneo de candidatos do ano 1971, en Buenos Aires, o nordeamericano jogou 10...Da5 e logo de 11.Bc4-Cd7 12.Ce2-Ce5 12.Ba2-Tivo a oportunidade de igualar o xogo con 13...D:c5, mas jogou 13...Bf5 e logo de 14.B:e5-B:e5 15.Cd4-D:c5 16.C:f5-g:f5 17.0-0;Da5 18.Dc2 ficou certamente pior. 11.R:d2-Cd7 12.Bb5-0-0 Logo de 12...a6 13.B:d7-B:d7 14.e4-Tc8 15.Be3 a vantaxe das brancas é manifesta segundo o grande mestre soviético Jolmov 13.B:d7-B:d7 Non era bon 13.c6 por 13...Cc5 coa ameaza 14...Cb3 e unha rápida abertura do xogo que permitira o contra-ataque das negras. 14.e4-f5 15.e5 A potencia dos peóns centrais é definitiva! 15...-e6 16.c4 Coma já dixer o mestre internacional guipuzcuano

conferencias

PRIMEIRO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINEMA DE EXPRESSÃO IBERICA

Do 19 ao 27 de Setembro terá lugar en Arcos de Valdez, vila situada no Norde de Portugal, o 1º Festival Internacional de Cinema de Expressão Ibérica. Habrá un concurso de filmes aos que se presentan países como Brasil, Arxentina, Portugal e España.

Pola parte galega proxectaranse a maioría dos filmes que compoñen até agora a nosa filmografía, como "Mamasunción" á cabeza, e outros tan lonxanos como "O Pai de Migueliño" ou "Fendetestas". Tamén intervirán conferenciantes galegos, inaugurándose un monumento á cultura luso-galaica.

Francisco Gallego: no xadrez como na vida a forza do proletariado é directamente proporcional á súa unidade. 16...-Tfc8 17.c6-b:c6 18.d6-c5 O Kasparov recuperou o peón mas o "d6" do Karpov ficou-lle espetado nos riles. Asin non lle quedará mais remedio... que dona-los... 19.h4-h6 20.Ch3-a5 21.f3-a4 22.The1-a3 A desesperada! 23.Cf2-a2 24.Cd3-Ta3 É correcto o plan seguido até agora polo Kasparov de botar para adiante o peón de torre? A resposta pasa pola presentación dunha alternativa. Mas unha análise detida da posición no movemento 20 revela que a posición branca é vantajosa: por unha banda o peón pasado de "d6" por outra a posibilidade de disputar a columna "b" por onde podería vir unha contraofensiva negra, e, finalmente, o poder consolidar a súa posición co traslado do cavalo ao centro do tabuleiro donde poderá atacar o peón negro de "c5". 25.Ta1-g5 Que o demo me leve se a entendo! Mas que facer? 26.h:g5-h:g5 27.B:g5-Rf7 28.Bf4-Tb8 29.Tec1-Bc6 A situación das pezas negras a experimentar a melloría da morte 30.Tc3-Ta5 31.Tc2-Tba8 32.Cc1 E o campeón resinou-se: ían ser já tres peóns de menos.

X. LARROSA VILA

actos

ENCANTRO DOS ESCRITORES BASCOS, CATALANS E GALEGOS PROGRAMA:

Mércores, 24. 10.00 h. da noite. Recepción no Parador de Baiona das delegacións Bascas, Catalana e Portuguesa

Exposición de esculturas de M. Coia e C. Xestido. Mostra das novidades editoriais galegas. Actuación de Carlos Emilio con poemas musicados nas tres linguas oficiais do Encontro. Cóctel.

Xoves, 25. 10.00 h. da mañá. ACTO INAUGURAL.

Farán uso da palabra os tres Presidentes das respectivas Asociacións.

11.00 h. PONENCIAS (LÍNGUA E MEIOS DE COMUNICACIÓN). Ponentes: Andu Lertxundi e Jesús Etxezarraga.

Francesc Vallverdú, Xavier Pericay e Ferran Toutain. Pilar García Negro e Margarita Ledo Andión.

2.00 h. Xantar no Parador.

4.00 h. Reanudan-se as Ponencias.

6.00 h. Traslado ao Pazo de Castrelos.

7.30 h. Recepción do Ilmo. Alcalde do Concello de Vigo no Pazo de Castrelos. Cea en frío e actuacións musicais.

Vernes, 26. 10.00 h. da mañá. Ponencias. (AS RELACIONES JURIDICAS DO ESCRITOR).

Lei de Propiedade Intelectual. J.M.º Mendes de Mendizábal. A fiscalidade e o escritor. Guillem-Jordi Graells. Política Institucional e Literatura. Francisco Rodríguez.

2.00 h. Traslado a Salvaterra do Miño. Xantar.

6.00 h. Traslado a Monção. ACTO DE IRMANAMENTO COA ASSOCIACIÓN PORTUGUESA DE ESCRITORES E COA ASSOCIACIÓN DOS JORNALISTAS E HOMENS DE LETRAS DO PORTO.

Sábado, 27. 10.00 h. da mañá. PONENCIAS. (ESTADO ACTUAL DAS LITERATURAS BASCA, CATALANA E GALEGA.

Juan Mari Torrealdi. Isidor Cónsul e Ignasi Riera. Carlos Paulino Martínez Pereiro e Xosé M.º Dobarro.

12.00 h. CONCLUSIÓNS E DEBATE.

2.30 h. Xantar no Parador.

5.00 h. Conferencia de Xavier Seoane. A PLASTICA ACTUAL GALEGA.

7.30 h. Polo grupo brasileiro Arte Livre porá en escena: AMAR, VERBO INTRANSITIVO


9.00 h. CEA no Parador.

Domingo, 28. 10.00 h. da mañá. Traslado a Santiago de Compostela.

1.00 h. Recepción no pazo de Fonseca do Excelentísimo Sr. Presidente da Xunta de Galiza e demais personalidades. CLAUSURA.

2.30 h. Xantar ofrecido pola presidencia da Xunta de Galiza.

xeroglífico



—¿Qué lle pasou ao Suso?

Solución do n.º anterior:

—Cuu soldado.
(Cuu soldado)

actos

CONGRESO CASTELAO 24 ao 29 de Novembro do 1986

A indiscutíbel dimensión histórica e popular da figura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (1886-1950) non se corresponde cun grao axeitado de coñecemento e análise científica do seu pensamento e da súa obra, nen da incidencia da súa actuación no nacionalismo galego da primeira metade do século XX, e iso mála a importancia e diversidade do seu labor. Por tal motivo, a Consellaría de Cultura da Xunta de Galiza, a Universidade de Santiago de Compostela e a Fundación Castelao convocan o presente Congreso para que nel se expoñan, discutan e difundan os diferentes estudos até agora feitos verbo de Castelao, encadrándoos no seu tempo histórico, e máis se propicien novos vieiros de investigación.

As entidades convocantes coñecen que esta é unha das mellores contribucións que poden facer á comemoración do primeiro centenario do nacemento de tan alto fito da galegidade.

O Congreso sobre Castelao terá lugar do luns 24 de Novembro o sábado 29, na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago, e segundo o programa detallado que se comunicará oportunamente aso participantes.

O Congreso estruturase en catro seccións temáticas, que se desenvolverán mediante ponencia e comunicacións, ás que seguirá un debate. No acto de apertura pronunciará a lección inaugural D. Ricardo Carballo

Calero. As seccións son as seguintes:

I. Biografía e actuación política. Ponente: D. Xosé Antonio Durán.

II. Ideoloxía e pensamento. Ponente: D. Xusto González Beramendi.

III. Obra artística e etnográfica. Ponente: Dª María Vitoria Carballo.

IV. Obra literaria. Ponente: D. Anxo Tarrío Varela.

Os interesados en presentar unha comunicación deberán dirixirse á Secretaría do Congreso comunicando o seu título antes do día 20 de Outubro de 1986.

Para facilitar a edición das actas, ponencias e comunicacións entregaranse, no momento da súa exposición no Congreso, mecanografiadas en follas DIN-A4, a dobre espazo e por unha cara. As ponencias terán unha extensión máxima de 40 follas e as comunicacións de 20. Os debates serán grabados e, xa que logo, suceptíbeis de inclusión nas actas, de coidado pertinente a Comisión Organizadora.

As persoas que desexen participar no Congreso cumprimentarán a súa inscrición enviando o boletín adxunto ou cumprimentándoa na Secretaría até o día 1º de Novembro de 1986. Os dereitos de inscrición son de 2.000 pta., agás para estudantes e profesores de calquer nivel da Comunidade Autónoma de Galiza, para os que son de 1.000 pta.

SECRETARÍA E CORRESPONDENCIA

Congreso Castelao
Fundación Castelao
R/ Santiago de Chile, 13-2º F.
15706 COMPOSTELA



TEMPORADA 1986

O ENFERMO IMAXINARIO DE MOLIÈRE

DIRIXIDA POR: EDUARDO ALONSO
TRADUCCIÓNS DE: MANOLO GUEDE

A NOITE VAI COMA UN RIO DE

ÁLVARO CUNQUEIRO
DIRIXIDA POR: XULIO LAGO



CONSELLERÍA DE CULTURA E BENESTAR SOCIAL